

Mofeta, Esquíó, Raposo, Osiña, Parrulo, Ra e Coello
queren moito á súa profe Gacela.
Con ela aprenden, divértense,
bailan e contan contos.

Pero un día chegan á aula e Gacela non está.
Pasaríalle algo?



ISBN: 978-84-19607-06-5 www.nubeocho.com




QUERÉMOSTE, PROFE

Luis Amavisca

Mar Ferrero





*Ao meu fillo Juan. Aos seus mestres.
A todas e todos aqueles profes que nos aprenden a sermos máis libres.*

Luis Amavisca

*Para Marina, a de historia, Rosa, a de ciencias, Mercedes, a de química,
Ainhoa, a de infantil, dona Ana, Kevin... e a todos os profes que amedes o
voso traballo. O mundo é un pouco mellor grazas a vós.*

Mar Ferrero



Querémoste, profe
Colección Somos8

© do texto: Luis Amavisca, 2023
© das ilustracións: Mar Ferrero, 2023
© da edición: NubeOcho, 2023
© da tradución: Maruxa Zaera, 2023
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *Te queremos, profe*


Primeira edición: Abril, 2023
ISBN: 978-84-19607-06-5
Depósito Legal: M-300-2023

Impreso en Portugal.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

QUERÉMOSTE, PROFE

Luis Amavisca Mar Ferrero





No Bosque Tranquilo hai unha escola moi especial.

Esquíó, Raposo, Osiña, Parrulo, Ra e Coello
prepáranse para un novo día. Pero, e Mofeta?
—Arriba, durmiñona, que vas chegar tarde!





Todas as mañás, cando chegan á aula, a mestra Gacela está agardando por eles e sorrilles conforme van chegando.



Mofeta e Coello amósanlle orgullosos
o seu debuxo á profe Gacela.

Esquío e Osiña len amodiño.
A profe díxolles que, con paciencia,
axiña han saber ler elas soas.



A Gacela encántalle aprenderlles música e baile. Osiña,
Ra e Coello aprenden a tocar o piano, a frauta e o violín.
A Mofeta, a Esquíó, a Parrulo e a Raposo gústalles moito bailar.



O que máis lles gusta a todas e a todos
é que a mestra lles conte historias.
—Lenos outro conto, por favor! —pídelle Ra.